

PROGRAMA DE VOLUNTARIADO 2015
RESERVA DE BIOSFERA
MARIÑAS CORUÑESAS E TERRAS DO MANDEO

A Asociación Mariñas Betanzos está inscrita no Censo de entidades de acción voluntaria de Galicia. Para o ano 2015 tense deseñado un Programa de Voluntariado, coa finalidade de animar e dinamizar o desenvolvemento do territorio especialmente nas zonas rurais.

O persoal voluntario prestará apoio nas liñas de traballo comprendidas no Plan de Xestión da Reserva de Biosfera "MCeTM" aprobado pola Xunta Directiva da Asociación "Mariñas Betanzos", concretamente en:

Liña 2. Conservación dos recursos naturais e patrimoniais: Accións encamiñadas á conservación, recuperación, difusión e mellora dos recursos naturais.

Nesta convocatoria o Programa de voluntariado 2015 centrase no obxectivo de dar difusión á recente declaración da *Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo"*, ademais de involucrar á poboación local no proxecto facéndoos partícipes da mellora do seu patrimonio ambiental e biodiversidade.

En concreto o proxecto pretende identificar algúns dos problemas ambientais do territorio, actuando sobre catro vectores de conectividade e importancia no territorio. Estes catro ámbitos de traballo serán:

1. As Zonas litorais.
2. As rutas de sendeirismo da Reserva de Biosfera.
3. As zonas con algunha figura de protección na Reserva (espazos de especial conservación (Rede Natura 2000), e posibles Espacios Naturais de Interese Local (ENILs)).
4. Os Camiños de Santiago, ao seu paso polo territorio (ramal desde A Coruña e ramal desde Ferrol).

As bases do programa son:

1. Disporanse 7 prazas de libre acceso para os voluntarios con idades comprendidas entre os 18 e 30 anos.
2. A inscrición no programa realizarase por rigoroso orde de solicitude.
3. O voluntariado concentrarase nun período de 30 días cunha xornada de 6 horas por voluntario.
4. O período de actuación do voluntariado comprendese entre os meses de xuño e outubro de 2015.
5. O ámbito de actuación comprende o entorno da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo", dentro da Comunidade Autónoma de Galicia.
6. As persoas voluntarias deberán manter a súa acción voluntaria durante toda a duración do período definido.
7. As persoas voluntarias comprometéense a rematar as tarefas encomendadas, e só por causas xustificadas expresamente e logo de comunicación en tempo e forma á Asociación, se algunha das persoas voluntarias tivese que abandonar o proxecto antes de que remate este, terá dereito ao aboamento dos gastos correspondentes polo tempo dedicado ao proxecto.
8. Cada persoa polo súa labor recibirá o valor de 6€ en concepto de dietas e desprazamentos diariamente.
9. Tódolos voluntarios contarán cun seguro de responsabilidade civil e accidentes debidamente contratado, así como terán a súa dispoñibilidade material de oficina que requiran para o seu traballo (ordenador, impresora, ...) e disporán de formación especializada.
10. As persoas voluntarias autorizan á Asociación Mariñas Betanzos e a outras entidades de fins similares, á publicación da imaxe dos voluntarios na súa páxina web e redes sociais, así como a publicacións das mesmas noutros medios de comunicación, co fin de dar difusión á labor de voluntariado e á propia Reserva de Biosfera.
11. Requirirase o uso de teléfonos intelixentes con conexión a internet e cámaras fotográficas a aportar polas persoas voluntarias.

12. Os voluntarios contarán cun blog en liña para a impresión das súas inquedanzas e vivenzas na labor voluntaria.
13. As imaxes realizadas froito da labor voluntaria incorporáranse ao arquivo fotográfico da Asociación, pasando a ser propiedade desta.
14. A labor das persoas voluntarias consistirá en:
 - a. Xornadas de campo en quendas de traballo polas zonas descritas anteriormente para a identificación e localización de diferentes problemas ambientais (especies invasoras, focos de contaminación...), así como a actualización do estado das rutas de ser o caso.
15. Ao finalizar o proxecto, as persoas voluntarias que participasen nel obterán da Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado un certificado de educación non formal acreditativo da acción voluntaria desenvolvida, así como da Reserva de Biosfera "Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo".

Lembrámosvos que a inscrición realizárase por teléfono (981 669 541) ou correo electrónico info@marinasbetanzos.org co asunto "VOLUNTARIADO 2015_MCeTM" indicando o nome e apelidos, fotocopia do DNI, correo postal de contacto, número de teléfono e correo electrónico de contacto.

UN CORDIAL SAÚDO

A PRESIDENCIA DA RESERVA DE BIOSFERA.